

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de ABRIL de 2005**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**, que se vai celebrar o vindeiro xoves, día 28 de abril, ás **DOCE HORAS**.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/05, celebrada o día 31 de marzo de 2005.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.997 á nº 6122.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 3.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Dotación de saneamento en Vertín-Mondego 1-F” do Concello de Sada, incluída no POS 2004. Código: 04.2100.0301.0.
- 4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas na rúa do Porto” do Concello de Camariñas incluída no POS 2004. Código 04.2100.0064.0.
- 5.- Informe da deputación sobre a modificación dos estatutos da mancomunidade de concellos do Tambre.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 6.- Modificación do Plan de protección do patrimonio arqueolóxico provincial (Dolmen de Dombate) 2004-2005 1ª fase, e solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras.
- 7.- Ratificación da resolución de Presidencia nº 6068, do 8 de abril de 2005, tocante á designación de representantes de intervención na Mesa de Contratación.
- 8.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Piscina descuberta” do Concello de Vedra, incluída na cuarta e última fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 01-3420-0155.0.
- 9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Piscina cuberta municipal” do Concello de Cee, incluída na 1ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 03.7450.0008.0.

Infraestructuras Viarias: Vías e Obras Provinciais

10.- Aprobación e modificación das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007 e do seu texto refundido.

11.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2005, 4ª fase.

12.- Aprobación provisional do Plan de travesías 2005, 1ª fase.

13.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto “Ampliación e mellora do trazado da EP-1909 Carballo a Caión e acceso á Lagoa, PK 12+00 a PK 15+630”.

14.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto “Ampliación e mellora do trazado da EP 0604 da C-544 a Arzúa por Calvos PK 0,000 ao 3,300 e do PK 4,700 ao 5,000”.

15.- Modificación do acordo de aprobación provisional da 1ª fase do Plan de travesías 2004 polo que se fai constar que a documentación se axusta ao disposto nas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, tocante á obra “Travesía de Arnados, Razo, 2ª fase (Carballo)” e a súa substitución pola obra “Proxecto modificado da travesía de Arnados, Razo 2ª fase (Carballo)”.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

16.- Integración da deputación na Fundación “Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña”.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/05, CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2005.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/05, celebrada o día 31 de marzo de 2005.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3.997 Á Nº 6122.

A Corporación toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.997 á nº 6.122.

3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “DOTACIÓN DE SANEAMENTO EN VERTÍN-MONDEGO 1-F” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO: 04.2100.0301.0.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Simplemente é para anunciar que deste punto 3 até o 16, ambos os dous inclusive, imos votar a favor de todos eles. Entendemos que son uns temas, a maior parte, de trámite ordinario; outros son reformados nos que non temos nada que dicir; outros uns cambios dalgunha palabra que entendemos correcta, como aprobación por programación, etc., etc.

Polo tanto, confirmamos que desde o punto 3 até o 16, ambos os dous inclusive, o voto do Grupo Provincial Popular é a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Despois de examinar o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Sada relativa á obra "Dotación de saneamento en Vertín-Mondego, 1-F" incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0301.0

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Dotación de saneamento en Vertín-Mondego, 1-F" do Concello de Sada, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0301.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que será financiado integramente polo concello, polo que permanecerán invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.

04.2100. 0301.0 "Dotación de saneamento en Vertín-Mondego, 1-F" (Concello de Sada)			
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>
Deputación f.p.	16.040,92	16.040,92	0,00
Deputación préstamo	13.576,74	13.576,74	0,00
Estado	6.045,32	6.045,32	0,00
Concello	5.800,09	17.632,01	11.831,92
TOTAL	41.463,07	53.294,99	11.831,92

2º Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir coas actuacións".

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRARRÚAS NA RÚA DO PORTO” DO CONCELLO DE CAMARIÑAS INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0064.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Despois de examinar o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Camariñas relativa á obra "Beirarrúas en rúa do Porto" do Concello de Camariñas, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0064.0.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Beirarrúas na rúa do Porto" do Concello de Camariñas, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0064.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que será financiado integramente polo concello, polo que permanecerán invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.

04.2100.0064.0		Beirarrúas na rúa do Porto (Concello de Camariñas)		
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto reformado</u>	<u>Diferenza</u>	
Deputación f.p.	26.377,80	26.377,80		0
Deputación préstamo	22.325,68	22.325,68		0
Estado	7.901,51	7.901,51		0
Concello	101.425,14	133.020,69		31.595,55
TOTAL	158.030,13	189.625,68		31.595,55

2º Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir coas actuacións”.

5.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO TAMBRE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Informar favorablemente da modificación acordada na sesión da xunta da mancomunidade do 11 de abril de 2005, dos Estatutos da mancomunidade de concellos do Tambre.”

6.- MODIFICACIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL (DOLMEN DE DOMBATE) 2004-2005 1ª FASE, E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

- “Aprobar a modificación do Plan de protección do patrimonio arqueolóxico provincial (dolmen de Dombate) 2004-2005 1ª fase, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2004, e considerar os proxectos incluídos nel. Tendo en conta que o proxecto modificado de cambio de trazado da EP 1404, e mellora de trazado e ampliación de plataforma da estrada 14-001 (Dombate Fontefría), na zona de protección do PEP do dolmen de Dombate e o seu contorno, que substitúe ao de cambio de trazado da EP 1404, e mellora de trazado e ampliación de plataforma da estrada 14-001 (Dombate Fontefría), na zona de protección do PEP do dolmen de Dombate e o seu contorno; isto non supón variación no orzamento da obra, aínda que si no orzamento para coñecemento da Administración (previsión para expropiacións), e ademais o proxecto de tratamento de espazos intermedio e exterior dentro da zona do PEP do dolmen de Dombate permanece invariábel. Así, o devandito plan quedará integrado polos proxectos que se indican:

TITULO DO PROXECTO	CÓDIGO DA OBRA	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
PROXECTO MODIFICADO DE CAMBIO DE TRAZADO DA EP 1404 E MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA DA ESTRADA 14-001 (DOMBATE FONTEFRÍA) NA ZONA DE PROTECCIÓN DO PEP DO DOLMEN DE DOMBATE E O SEU CONTORNO	544000001.0	519.663,15	76.282,18

PROXECTO DE TRATAMENTO DE ESPAZOS INTERMEDIO E EXTERIOR DENTRO DA ZONA DO PEP DO DOLMEN DE DOMBATE	544000002.0	566.859,88	
TOTAIS		1.086.523,03	76.282,18

- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no *Boletín Oficial da Provincia*, nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen estas se produciren, consideraranse definitivamente aprobados.

-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia, e informes que constan no expediente. Hai que ter en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das devanditas obras, pois a proximidade da estrada actual ao dolmen prexudícalle a este monumento megalítico (especialmente polas vibracións, gases, fumes, etc., producidas polos vehículos); ademais a situación actual de desprotección do dolmen por mor do mal estado da cuberta provisional provoca gravísimos riscos de deterioro nas pinturas e no túmulo, así como problemas de intrusión no recinto actual; todo o que xustifica a inmediata actuación e a utilización do procedemento de urxencia.

-Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial de la Provincia* cun prazo de quince días para reclamacións, que de non se produciren entenderase definitivamente aprobado.

-Remitir o expediente a informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e ao Concello de Cabana de Bergantiños.

-Admitir a alegación presentada por don Antonio Amado Lema, propietario do predio 00309, do polígono número 14 que solicita a expropiación da totalidade do seu predio de 378 m², xa que a fracción sobrante de 216m² non ten ningunha utilidade.”

7.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 6068, DO 8 DE ABRIL DE 2005, TOCANTE Á DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DE INTERVENCIÓN NA MESA DE CONTRATACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.-Ratificar a resolución de Presidencia nº 6068 do 8 de abril de 2005, tocante á designación de representantes de intervención na Mesa de Contratación, e cuxo contido é o seguinte:

Salvador Fernández Moreda

presidente desta Corporación resolveu

Despois de tomar posesión como novo interventor xeral desta deputación, don José Manuel Pardellas Rivera, e como interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos,

PROCEDE:

1º) Designar, en representación da intervención na Mesa de Contratación, ás seguintes persoas:

Vogal titular: o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Vogal suplente: o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

2º) Someter a presente resolución a ratificación do Pleno da Corporación.

3º) Publicar a nova composición da Mesa de Contratación no *Boletín Oficial da Provincia.*”

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PISCINA DESCUBERTA” DO CONCELLO DE VEDRA, INCLUÍDA NA CUARTA E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 01-3420-0155.0.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar por un importe total sobre o orzamento de contrata de 409.731,89 euros, o proxecto reformado da obra “**Piscina descuberta**” (co código 01-3420-0155.0) do Concello de Vedra, que se inclúe na cuarta e derradeira fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes 1998-2001, e que aprobou o Pleno da deputación na sesión realizada o día 28-03-2003.

Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento por razón do incremento experimentado polo importe de 37.214,52 euros sobre o orzamento de contrata, ao incremento deste proxecto reformado asígnaselle o código 01-3420-0155.1. O financiamento do incremento farase integramente con cargo á deputación.

Os datos de financiamento deste proxecto reformado da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, son os seguintes:

Cadro de financiamento do proxecto reformado da obra	Proxecto reformado	Proxecto técnico inicial 01-3420-0155.0	Incremento 01-3420-0155.1
Deputación	364.655,98	327.441,46	37.214,52

Concello F.Propios	45.075,91	45.075,91	0
Total	409.731,89	372.517,37	37.214,52

2º) Aprobar por un importe total sobre o orzamento de contrata de 6.147,79 euros os honorarios correspondentes ao control da calidade, e por un importe total de 2.342,02 euros os honorarios relativos á coordinación de seguridade e saúde do proxecto reformado da obra “Piscina descuberta” (co código 2001-3420-0155.0) do Concello de Vedra, aprobados mediante resolución da Presidencia da deputación nº 14.200, con data do 29-8-2003 que foi modificada pola resolución da Presidencia nº 15.288 do 15-09-2003, e que experimentan un incremento respecto aos inicialmente aprobados, tal e como se detalla a seguir:

Estado comparativo do financiamento dos honorarios de control de calidade e de seguridade e saúde	Honorarios do proxecto reformado	Honorarios do proxecto técnico inicial	Incremento
Control de Calidade 01.3420.0155.3	6.147,79	5.589,41	558,38
Coordinación seguridade e saúde 01.3420.0155.4	2.342,02	2.129,30	212,72

O financiamento destes incrementos faranse integramente con cargo á deputación.

3º) Condicionar a aprobación deste proxecto modificado e dos seus honorarios á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2005, que se aprobou por acordo plenario o 31-03-2005, no que se habilita crédito suficiente para o seu financiamento na partida orzamentaria do Plan 2000 deportes 0501/452D/60189.

4º) Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado”.

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PISCINA CUBERTA MUNICIPAL” DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE

COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 03.7450.0008.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1º.- Aprobar por un importe total de 1.442.400,49 € sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra "Piscina cuberta municipal PL." do Concello de Cee, código 03.7450.0008.0, que se incluíu con carácter plurianual nas anualidades 2003-2004-2005 na 1ª fase da primeira programación plurianual do IV convenio Xunta-Deputación 2002-2006, aprobada polo Pleno da deputación en sesión realizada o 28 de marzo de 2003, reaxustado pola resolución da Presidencia nº 18.494 do 6 de novembro de 2003.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento da obra por razón do incremento experimentado que é de 240.400,07 € sobre o orzamento de contrata do proxecto técnico inicial. O antedito incremento financiarao integramente a deputación e asignaráselle o código 05.7450.0008.1.

Por isto, os datos do financiamento do proxecto reformado, calculados sobre o orzamento de contrata ofrecen o seguinte resumo:

	ORZATO. TOTAL CONTRATA	2003	2004	2005
Deputación	1.141.900,38	450.750,16	218.042,87	473.107,35
Concello F. Propios	300.500,11	150.250,06	82.457,24	67.792,81
TOTAL	1.442.400,49	601.000,22	300.500,11	540.900,16

Este incremento poderase facer efectivo con cargo ao crédito dispoñíbel na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

2º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

10.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS

DA PROVINCIA PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007 E DO SEU TEXTO REFUNDIDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a modificación da base 2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos, para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007 e que quedaría redactado do seguinte xeito:

“2.- Actuación en fases. Aprobación da programación inicial.- A Deputación Provincial da Coruña, despois dos informes e estudos técnicos formulados polo Servizo de Vías e Obras Provinciais, e mediante os correspondentes acordos plenarios poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan consonte cos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a) Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros*
- b) A necesidade de ampliación ou de variantes*
- c) O estado do firme*
- d) A intensidade media do tráfico*
- e) A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación*
- f) A circulación intensa de vehículos pesados*

Para estes efectos o Pleno da Corporación acordará a aprobación da programación inicial da correspondente fase do plan que incluírá os proxectos que se lle remitirán aos concellos nos termos da base 3ª.”

E calquera outra referencia nas bases a “aprobación inicial” deberase substituír por “aprobación da programación inicial”.

2.- Aprobar o texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007 cuxo texto se acompaña como anexo.

3.- Expor ao público o Texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, mediante un anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* durante o prazo de 15 días de exposición pública, de non presentárense reclamacións consideraranse definitivamente aprobadas.”

ANEXO

TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007

1.- Obxecto.-

As presentes bases teñen por obxecto establecer a colaboración entre a deputación e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, coa finalidade de mellorar as infraestruturas da provincia e contribuír a unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

2.- Actuación en fases.-

Aprobación da programación inicial.- A Deputación Provincial da Coruña, logo dos informes e estudos técnicos formulados polo Servizo de Vías e Obras provinciais, e mediante os correspondentes acordos plenarios poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan conforme aos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a) Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros
- b) A necesidade de ampliación ou de variantes
- c) O estado do firme
- d) A intensidade media do tráfico
- e) A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación
- f) A circulación intensa de vehículos pesados

Para estes efectos o Pleno da Corporación acordará a aprobación da programación inicial da correspondente fase do plan, e incluírá os proxectos que se lle remitirán aos concellos nos termos da base 3ª.

3.- Tramitación.-

3.1.-Remisión de proxectos.-A deputación, dentro do prazo de 5 días contados dende a aprobación da programación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, remitiralle ao concello unha copia do proxecto de travesías que lle afecte, incluída na respectiva fase.

3.2.-Adopción de acordos polos concellos.-Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola deputación, deberán enviarlle á deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses, contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa, por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

- a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- b) Conformidade coas presentes bases.
- c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

4.-Modificación dos proxectos.-

Os concellos, dentro do prazo establecido na cláusula anterior, poderán redactar, en coordinación co Servizo de Vías e Obras provinciais da deputación, a modificación do proxecto aprobado na programación inicial. A modificación referirase unicamente e exclusivamente á variación no número de unidades de obra ou de instalacións ou modificación que supoñan un maior número de metros lineais de actuación.

Estes proxectos deberán comprender toda a documentación a que se refire o art. 124 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e artigo 125 a 133 do seu regulamento.

O proxecto irá acompañado dunha memoria xustificativa onde se expliquen as modificacións introducidas e deberá presentarse no prazo indicado na base 3ª.

En calquera caso o maior custo de obra que se derive da modificación do proxecto deberao asumir o concello, para estes efectos xunto co proxecto e memoria acompañarase, ademais a documentación referida na base 3ª, o correspondente acordo plenario polo cal o concello se compromete a financiar o maior custo da obra e expropiacións respecto da inicialmente prevista, aboándolle o dito importe á deputación no prazo máximo de 3 meses contados dende a adxudicación da obra, facultando así mesmo á deputación a que perciba este importe mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Someterase a supervisión dos servizos técnicos da deputación a modificación do proxecto. Para que o proxecto poida incluírse na aprobación provisional da correspondente fase do plan requirirase o informe favorábel dos ditos servizos técnicos.

5.-Aprobación provisional.-

5.1.-Transcorrido o prazo a que se refire a base 3ª, o Pleno da deputación poderá acordar a aprobación provisional da correspondente fase do Plan de travesías 2004-2007, daqueles proxectos que se axustan ao disposto nas presentes bases e despois da existencia de crédito adecuado e suficiente.

5.2.-Quedarán excluídos da correspondente fase do plan aqueles proxectos de travesías que estean nalgunha das situacións que a seguir se indican:

A) Nos supostos de que o concello respectivo non presentase a documentación esixida da cláusula 3ª ou a documentación presentada resultara insuficiente ou incompleta.

B) Nos casos en que a documentación esixida na base 3ª se presentase fóra de prazo.

C) Nos supostos de modificación de proxecto a que se refire a base 4ª, cando este non se axuste aos requisitos establecidos na citada base.

6.-Exposición pública e aprobación definitiva.-

Os proxectos que integran a correspondente fase do Plan de travesías, unha vez aprobados provisionalmente serán sometidos a información pública por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense aquelas.

7.-Contratación das obras e financiamento.-

A deputación contratará, dirixirá e inspeccionará as obras e financiaraas nos termos previstos nas presentes bases e acordos plenarios de aprobación das distintas fases do plan.

Ademais dos supostos de cofinanciamento establecidos nas presentes bases, a deputación de mutuo acordo cos concellos, poderá acordar que para o financiamento de determinadas obras ou fases do Plan de travesías, os concellos financiarán nunha porcentaxe a execución das obras, en cuxo caso os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario polo que se compromete ao cofinanciamento das obras, debendo efectuar a súa achega no prazo de 3 meses contados dende a adxudicación das obras, e facultarán á deputación para que perciba os importes correspondentes, mediante compensación ou con cargo aos importes que lles puideran corresponder aos distintos plans da deputación até satisfacer a totalidade da débeda.

Calquera incremento do prezo do contrato derivado de modificacións do contrato, reformados, revisión de prezos, liquidacións, etc., será aboado pola deputación e, no seu caso, polo concello, de acordo coas porcentaxes de financiamento dos proxectos iniciais.

No suposto de que a deputación teña que indemnizar a un contratista como consecuencia dunha resolución de contrato motivada por imposibilidade de terreos, falta de autorizacións ou permisos ou por calquera outra causa imputábel aos concellos, o concello deberá indemnizarlle á deputación os danos e perdas que se ocasionen.

A deputación, en casos excepcionais e por causas debidamente motivadas, poderá acordar mediante acordo plenario, e simultaneamente coa aprobación da programación inicial ou a aprobación provisional, dentro da correspondente fase do Plan de travesías, que o custo derivado da adquisición de terreos mediante expropiación ou por compravenda necesario para executar algunha obra concreta de travesías a aboe, na súa totalidade ou nunha porcentaxe determinada, a deputación, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

8.-Acta de entrega.-

Finalizadas as obras, a deputación, unha vez formalizada a acta de recepción das obras e no prazo dun mes, entregaralles aos concellos as obras e instalacións da travesía. Para estes efectos formalizarase a correspondente acta de entrega e a partir deste momento producirá efecto a mutación demanial, quedando a travesía de titularidade municipal.

No caso de que o concello non asine a acta de entrega, dentro do prazo indicado no apartado anterior, a deputación efectuaralle un requirimento ao concello advertíndoo de que no suposto de que transcorridos 15 días dende o dito requirimento sen que o concello entregue na deputación a acta de entrega asinada, a deputación considerará entregada tacitamente a obra, dádoa de baixa no inmovilizado material, e non asumirá dende a dita data ningunha obriga en relación coa travesía.

9.-Conservación e mantemento.-

A partir da data de entrega ou transcorridos os prazos a que se refire o último parágrafo da cláusula 9ª, o concello asumirá os gastos de conservación, reposición,

mellora e mantemento das obras, servizos e instalacións da travesía, sen prexuízo da responsabilidade do contratista durante o prazo de garantía.

10.-Convenios.-

A deputación e os concellos formalizarán os correspondentes convenios en desenvolvemento das presentes bases e que se deriven da aprobación definitiva das distintas fases do plan de conformidade cos presentes bases e acordos plenarios respectivos, dentro do prazo dun mes contado dende a aprobación definitiva da fase do plan.

11.-Exposición das presentes bases.-

As presentes bases quedan expostas ao público dentro do prazo de 15 días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presentaren."

11.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 4ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2005 4ª fase cun orzamento total de 1.447.355,55.- euros e que son as que a seguir se detallan

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0014.0	TRAVESIA NA EP 1704 CAMBRE A CARRAL PLATAFORMA PEONIL PK 2,9 A 3,96 (CAMBRE)	74.953,59
05.1130.0015.0	TRAVESIA NA EP 1706 O TEMPLE A CAMBRE PLATAFORMA PEONIL PK 2,24 A 2,65 (CAMBRE)	64.979,56
05.1130.0016.0	TRAVESIA NA EP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS PK 0,00 A 0,45 (RIANXO)	487.559,11
05.1130.0017.0	TRAVESIA NA EP 3109 VILABOIA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AL 3,120 (1ª FASE) (CULLEREDO)	819.863,29
TOTAL.....		1.447.355,55

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, o que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente, e se aprobe definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

2) Remitir os anteditos proxectos aos concellos correspondentes, para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª, das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos, para a execución

dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 30-4-2004 (BOP 104/8-5-2004).”

12.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por ser os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
05.1130.0001.0	E.P. 2403 CERCEDA A XESTEDA, P.K. 2,9 A P.K. 3,52 (CERCEDA)	116.326,84
05.1130.0002.0	E.P. 4307 MALPICA A PONTECESO, P.K. 0,8 A P.K. 5,48 (MALPICA)	483.235,22
05.1130.0004.0	E.P. 3302 ESCRAVITUDE A SAN XULIÁN DE LAÍÑO, P.K. 5,3 A P.K. 5,71 (ROIS)	245.867,10
05.1130.0005.0	E.P. 3802 ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 17 A P.K. 17,16 (FRADES)	122.803,55
TOTAL.....		968.232,71

2.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA LLOS SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN ESTIMADA DE EXPROPIACIÓN
05.1130.0004.0	E.P. 3302 ESCRAVITUDE A SAN XULIÁN DE LAÍÑO, P.K. 5,3 A P.K. 5,71 (ROIS)	12.368,25
05.1130.0005.0	E.P. 3802 ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 17 A P.K. 17,16 (FRADES)	3.787,30
TOTAL.....		16.155,55

4.- Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.

5.- Conceder un prazo de 20 días contados dende a notificación do presente acordo para que o Concello de Betanzos remita a documentación das bases 3.2.A1 ou 3.2.A2:

“A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, no que faculte á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.”

Todo isto para efectos de sometelo, unha vez cumprido o trámite da remisión da documentación, de novo ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

En caso de non se remitir a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.

6.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.

13.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO “AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P.-1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA, P.K. 12+00 A P.K. 15+630”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no Proxecto AMPL. E MELLORA DE TRAZADO DA E.P.-1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA, P.K. 12+00 A P.K. A 15+630

2. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

14.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO “AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0604 DA C-544 A ARZÚA POR CALVOS P.K. 0,000 AO 3,300 E DO P.K. 4,700 AO 5,000”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1. Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no Proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0604 DA C-544 A ARZÚA POR CALVOS P.K. 0,000 AO 3,300 E DO P.K. 4,700 AO 5,000.

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por presentar cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio e tendo en conta que se a solicitude deste procedemento de urxencia se xustifica co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

15.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2004 POLO QUE SE FAI CONSTAR QUE A DOCUMENTACIÓN SE AXUSTA AO DISPOSTO NAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007, TOCANTE Á OBRA “TRAVESÍA DE ARNADOS, RAZO, 2ª FASE (CARBALLO)” E A SÚA SUBSTITUCIÓN POLA OBRA “PROXECTO MODIFICADO DA TRAVESÍA DE ARNADOS, RAZO 2ª FASE (CARBALLO)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Modificar o acordo de aprobación provisional da 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2004 facendo constar que a documentación se axusta ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007, no sentido:

ONDE DI:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
0411300002.0	TRAVESÍA DE ARNADOS RAZO 2ª FASE (CARBALLO)	170451,99

DEBE DICIR:

NOVO PROXECTO QUE SE APROBA

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
0411300002.0	PROXECTO MODIFICADO DE TRAVESÍA DE ARNADOS RAZO 2ª FASE (CARBALLO)	170451,99

2.- Expoñer ao público unha vez aprobado provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o proxecto no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN ESTIMADA DE EXPROPIACIONES:
0411300002.0	TRAVESÍA DE ARNADOS RAZO 2ª FASE (CARBALLO)	20467,09

4.- Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.

6.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

16.- INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN NA FUNDACIÓN “ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIONES LABORAIS DA CORUÑA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

A.- Aprobar a integración da Deputación da Coruña como membro do Padroado da Fundación “Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña”.

B.- Aprobar os Estatutos polos que se rexerá a Fundación, segundo o texto que figura incorporado no expediente.

C.- Designar o deputado D. José Federico Nogueira Fernández para que represente á Deputación nos órganos de goberno da Fundación.”

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN “ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIONES LABORAIS DA CORUÑA”

PREÁMBULO

O 26 de xullo de 1973 constituíuse na Coruña o Seminario de Estudos Sociais “Ramón de la Sagra” baixo a inspección e orientación da Escola de Estudos Sociais da Universidade de Santiago, que imparte as ensinanzas de Graduado Social e se rexe por un Padroado integrado por diversas institucións e corporacións públicas e privadas.

Posteriormente por Real decreto 1524/1986, do 28 de xullo de 1986, do Ministerio da Presidencia ordenouse a incorporación como título oficial universitario dos estudos de Graduado Social.

Máis adiante, o Consello da Xunta de Galicia polo Decreto 416/1990, do 31 de xullo, creou a Escola Universitaria de Graduado Social da Coruña adscrita á Universidade da Coruña e en aplicación do Real decreto 2229/1994, do 18 de novembro acordouse a implantación dos estudos conducentes á obtención do título na diplomatura en Relacións Laborais.

Con estes antecedentes e de conformidade co disposto no art. 34.1 da Constitución Española de 1978 e ao abeiro do disposto na Lei autonómica galega 7/1983, do 22 de xuño de réxime das fundacións de interese galego e o regulamento que a desenvolve, e á Lei 50/2002 do 26 de decembro de fundacións constitúese esta fundación que se rexerá polos seguintes,

ESTATUTOS

TÍTULO I: DO ÁMBITO DE DELIMITACIÓN

ARTIGO 1º

A Fundación denomínase Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña e créase ao abeiro da Lei autonómica galega 7/1983, do 22 de xuño e o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do protectorado de fundacións de interese galego, no non disposto naquela aplicárase a Lei estatal 50/2002, do 26 de decembro e demais normas que as desenvolvan e complementen.

A Fundación rexeráse polos presentes estatutos, polos regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como as disposicións legais e convenios que lle sexan aplicábeis.

ARTIGO 2º

A Fundación ten como obxectivo fundamental a promoción, sostemento e funcionamento dun centro universitario de estudos en Ciencias do Traballo, Recursos Humanos e Relacións Laborais no Campus da Coruña, sito no ámbito territorial da Universidade da Coruña, e adscrito a esta mediante o correspondente convenio de adscrición, en tanto en canto non se produza a integración do centro na universidade, momento no cal, de se producir, implicaría a extinción da Fundación.

ARTIGO 3º

O domicilio social da Fundación está situado na Coruña, Avda. de Joaquín Planells Riera, s/n, na parte dereita do Instituto Puga Ramón, pertencente á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

ARTIGO 4º

A Fundación terá unha duración de carácter indefinido.

TÍTULO II: DOS RECURSOS E OS BENEFICIARIOS

ARTIGO 5º

A Fundación financiarase cos prezos e cotas que perciba do alumnado do centro despois da autorización do Protectorado, sen prexuízo das achegas das institucións e corporacións públicas e privadas que constitúen o seu Padroado reitor.

O destino dos recursos irá para o sostemento dos gastos de persoal, edificios, aulas, laboratorios, biblioteca, etc. e todo o necesario para o bo funcionamento do centro universitario.

ARTIGO 6º

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, e tenderán á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento das súas finalidades, sexan as máis adecuadas ou convenientes en cada momento.

ARTIGO 7º

O fondo social ou dotación da Fundación é de 60.000 € que se considera suficiente para a consecución dos fins sociais.

ARTIGO 8º

Serán beneficiarios da Fundación todos os estudantes do centro universitario cuxos estudos os conduzan á obtención do título oficial impartido no centro.

TÍTULO III: DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 9º

A contabilidade e auditoría de contas do exercicio liquidado por curso académico (do 1 de outubro ao 30 de setembro do ano seguinte) rexeranse pola lexislación vixente, e o Padroado da Fundación aprobará as contas no prazo máximo de 3 meses desde o remate do curso académico.

Das rendas ou ingresos que percibe a fundación, o 80% destinarase á realización dos fins sociais.

ARTICULO 10º

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. En todo caso é necesario levar os seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance.
- b) Memoria
- c) Orzamentos e a súa liquidación.
- d) Libro diario
- e) Libro de actas.

TÍTULO IV: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 11º

O Padroado exerce o goberno e representación da Fundación, correspondéndolle o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o rendemento e utilidade destes.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de actuar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberá designar para iso a unha persoa física que os represente.

ARTIGO 12º

O Padroado da Fundación terá a seguinte composición:

- a) Presidente/a.
- b) O/a director/a do centro universitario.
- c) Un representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña.
- d) Un representante de Caixa Galicia.
- e) Un representante da Cámara Oficial de Industria, Comercio e Navegación da Coruña.
- f) Un representante do Excmo. Concello da Coruña.
- g) Un representante do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña.
- h) Un representante de recoñecido prestixio no eido das relacións laborais electo polo Padroado.
- i) Un representante dos profesores do centro electo en Xunta de Centro.
- j) Dous representantes dos alumnos do centro, electos polo procedemento que se estableza para regular a representación dos alumnos nos órganos de goberno do centro.
- k) Os dous últimos ex -directores do centro.
- l) O/a secretario/a do centro, que actuará como secretario/a do Padroado.

O Padroado estará integrado por un mínimo de tres e un máximo de trece persoas físicas ou xurídicas, neste último caso a través do seu representante legal. Os membros do Padroado exercerán os devanditos cargos gratuitamente.

ARTIGO 13º

Son competencias do Padroado:

- a) A aprobación dos orzamentos da Fundación e do centro.
- b) A contratación do profesorado con suxeición aos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade e de acordo coa normativa establecida pola Universidade da Coruña.

- c) A renovación e rescisión da contratación laboral suscrita co profesorado do centro.
- d) A aprobación das liñas xerais de actuación do centro.
- e) A aprobación da memoria docente e investigadora do centro correspondente a cada curso académico.
- f) A aprobación da liquidación de contas e da auditoría correspondente a cada curso académico.
- g) Proporlle ao reitor da Universidade da Coruña o nomeamento do/a director/a do centro.
- h) Cantas decisións excedan da xestión ordinaria do centro.

ARTIGO 14º

O Padroado celebrará as súas sesións cantas veces o determine a súa presidencia por iniciativa propia, ou por pedimento de polo menos un terzo dos seus membros. Será presidido pola persoa que exerza a presidencia, e na súa ausencia pola persoa encargada da dirección do centro.

O Padroado reunirse polo menos unha vez ao ano. As convocatorias deberán notificárselle aos seus membros con polo menos 48 horas de anticipación por escrito.

ARTIGO 15º

Para que os acordos do Padroado sexan válidos deberanse adoptar pola maioría de votos dos asistentes, e será necesaria, polo menos a concurrencia da metade máis un dos seus membros, e en todo caso a presenza da presidencia e da secretaría ou persoas que os substitúan.

ARTIGO 16º

A presidencia do Padroado elixirase entre os seus membros por un período de catro anos, e poderase reelixir cantas veces sexa necesaria. A presidencia do Padroado designada na carta fundacional terá carácter vitalicio.

A presidencia do Padroado terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Fundación.
- b) Convocar, presidir, e levantar as sesións que celebre o Padroado e dirixir as súas deliberacións con voto de calidade en caso de empate.
- c) Dirixir as tarefas do Padroado.

ARTIGO 17º

A dirección do centro represéntao, exerce a dirección, preside e coordina as actuacións dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

A dirección do centro será nomeada polo reitor por proposta do Padroado.

Son competencias da dirección:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións dos órganos colexiados do centro.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade.
- d) Dirixir a política académica do centro.
- e) Exercer a xefatura do persoal de administración e servizos do centro.

- f) Levar a xestión ordinaria do centro.
- g) Exercer as restantes funcións que se deriven do seu cargo.

ARTIGO 18º

A secretaría do Padroado, que será a do centro, será nomeada pola presidencia do Padroado entre o profesorado do centro e por proposta da dirección do centro.

Son competencias da secretaría:

- a) Redactar a acta das sesións do Padroado transcribíndoas ao correspondente libro, co visto e praxe do/a presidente/a.
- b) Custodiar os documentos oficiais.
- c) Velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes.
- d) Desempeñar a facultade certificativa dos acordos do Padroado e do centro.

No caso de que a secretaría, polas circunstancias que fosen, estivese ausente ou se vise impossibilitada para cumprir as súas funcións temporalmente, será substituída polo representante do profesorado do centro no Padroado.

TÍTULO V: EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN

ARTIGO 19º

A Fundación disolverase cando o centro se integre plenamente na Universidade da Coruña ou cando se dean as causas e nas formas e procedemento dispostas no artigo 39 do Decreto 248/1992, do 18 de xuño polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.

A extinción porá fin ás súas actividades ordinarias e abrirá o período de liquidación de acordo co programa proposto, cesarán os membros dos seus órganos de goberno que non sexan liquidadores, e iniciaranse as operacións correspondentes de conformidade coas disposicións legais de aplicación.

De se producir a extinción pola integración do centro na Universidade da Coruña os bens propios da Fundación pasarán á Universidade da Coruña.

ANEXO

COMPOSICIÓN DO PADROADO:

- Presidente: Ilmo. Sr. Julio Portela Ceballos, xefe de área do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.
- Sr. José F. Nogueira Fernández, deputado provincial en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

- Sra. M^a Josefa Cebreiro Santos, concelleira en representación do Excmo. Concello da Coruña.
- Sr. Vicente Iglesias Martelo, subdirector xeral de Obras Sociais en representación de Caixa Galicia.
- Ilmo. Sr. Germán Prieto-Puga Somoza, presidente en representación do Il. Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña.
- Sr. José M^a Ozores y López-Companioni, en representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.
- Ilmo. Sr. Juan Manuel Sánchez Quinzá-Torroja, director da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.
- Sr. Lorenzo García Sáenz-Díez, ex-director e director honorario do centro.
- Sr. Carlos Martul Álvarez de Neyra, en representación do profesorado do centro.
- Sr. Xurxo Álvarez Vidal, en representación do alumnado do centro.
- Secretaria: Sra. Cristina Faraldo Cabana, secretaria e profesora do centro.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada onte polo voceiro do Grupo Popular, vai defender a urxencia o Sr. Torres Colomer, doulle a palabra.

Sr. Torres Colomer

Presentamos esta moción tendo coñecemento que no remanente de Tesouraría desta Deputación, evidentemente xa do que se gastou con relación a este remanente do ano 2004, que polos nosos informes e coñecementos aínda quedan 31 millóns de euros en remanente de Tesouraría. Polo tanto, entendemos que hai unhas necesidades e unhas demandas dos concellos, sobre todo dos concellos máis pequenos en facer distintas obras ou subministracións, e polo tanto, nese sentido pedimos que se retomen os plans que xa existían na anterior lexislatura, que era para atender as vías e travesías municipais, e tamén do transporte municipal, cunha dotación económica de 16 millóns de euros. Este é un programa importante, que todos sabemos as necesidades económicas que teñen os concellos, neste caso poderíanse arranxar dentro das súas vías

municipais beirarrúas, iluminación, pluviais, pavimento, sinalización horizontal, etc., etc.

Polo tanto, coidamos que é un plan interesante para todos os concellos, neste sentido este plan estaba para concellos de menos de 50.000 habitantes, pero tamén esa cláusula se pode cambiar; entendiamos naquel momento de menos de 50.000 habitantes porque sabemos que os concellos grandes economicamente sempre están mellor que os pequenos.

O segundo plan é de pequenas obras e subministracións para concellos de menos de 20.000 habitantes, para aquelas pequenas obras que non pasen de 3 millóns das antigas pesetas.

E o terceiro plan, o de fomento de turismo da natureza na provincia da Coruña. Nós entendemos neste momento, nesta Unión Europea que estamos, onde as comunicacións están a mellorar ostensiblemente, que é necesario mellorar tamén as nosas instalacións turísticas para atraer cada vez a máis visitantes a esta provincia, concretamente accesos ás praias, sendeirismo, en fin, temas ambientais, restos arqueolóxicos, potenciais.

E nestes dous últimos plans, no de pequenas obras e subministracións irían por un 1.600.000 euros, e no de turismo sería por 6.000 euros. No segundo, repito, sería para concellos de menos de 20.000 habitantes, e no terceiro sería para menos de 50.000 habitantes, pero volvo repetir que a limitación dos habitantes se pode corrixir.

Polo tanto, pensamos que os concellos teñen grandes necesidades en facer estas obras, que a súa economía é débil, porque estamos sempre, -oxalá se cumpra dunha vez-, falando do pacto local, pero o pacto local non se acaba dunha vez, e entendemos que a Deputación ten que botar unha man aos pequenos e medianos concellos. E polo tanto, ese é o motivo da urxencia, baseada nesa necesidade dos concellos.

E tamén hai que dicir que pedimos que se vote a urxencia, xa que o Grupo Socialista no seu momento votou a favor destes proxectos, agás a abstención nun deles.

Vótase a urxencia da moción.

Non alcanza a maioría absoluta, así que decae a urxencia.

Sr. Presidente

Gustaríame dicir verbo disto que esta Deputación nos catro meses de 2005 aprobou proxectos por máis de 12.000 millóns de pesetas de investimento para toda a provincia, e que, indubidabelmente, co remanente do ano que vén faremos tamén proxectos de investimento en toda a provincia.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Fondo Aguiar

O meu rogo consiste en que aproveitando que vai estar hoxe aquí o presidente do Goberno, e vostede vaise reunir con el, pois gustaríanos que lle transmitise, que lle lembrase, a demora que temos no pagamento das indemnizacións do *Prestige*, tanto os concellos coma as empresas de acuicultura da Costa da Morte.

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e doce minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu secretario, dou fe.